

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/20

CENTRO: CEIP CANOSA-RUS

NIVEL: 3º EDUCACIÓN PRIMARIA

**ÁREAS: LINGUA GALEGA, LINGUA CASTELÁ,
MATEMÁTICAS, CIENCIAS SOCIAIS, CIENCIAS NATURAIS, PLÁSTICA E
VALORES SOCIAIS E CÍVICOS.**

MESTRAS: SUSANA RODRÍGUEZ, SARA OTERO E CRISTINA PARÍS.

DATA: 12 de maio de 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

No Decreto 105/2014, do 4 de setembro, establécense os contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliábeis para as diferentes áreas que compoñen o currículo, relacionando estes entre si, e coas competencias clave e os obxectivos xerais da etapa.

Debido a que a relación entre os diferentes elementos xa queda establecida no currículo, a continuación presentamos unicamente os estándares de aprendizaxe que son considerados mínimos e imprescindibles para superar as diferentes áreas, relacionados coas competencias que avaliará cada un deles.

En **letra grosa contemplamos os estándares que xa foron avaliados nos 1º e 2º trimestres (non se volverán a avaliar)** e en letra normal os que seguirán sendo reforzados e repasados e ampliados no 3º trimestre.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

ÁREA de LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

Estándar de aprendizaxe (mínimo imprescindible)	Competencia clave
Exprésase de forma global, ideas, opinións e sentimentos con certa claridade.	CLA, CAA, CSC
Exprésase procurando unha pronunciación correcta.	CCL
Participa con coherencia en diversas situacións de comunicación oral.	CCL, CD, CSC, CSIEE
Utiliza un vocabulario axeitado a súa idade para expresarse con progresiva precisión.	CCL, CAA
Comprende de forma global a información xeral de textos orais de uso habitual do ámbito escolar e social.	CCL, CAA
Utiliza de xeito guiado os medios audiovisuais e dixitais para buscar información.	CCL, CD, CAA
É quen de memorizar pequenas cantigas, poemas, trabalinguas, adiviñas ... e reproducilos oralmente.	CCL, CAA, CCEC
Le en voz alta, sen dificultades importantes, diferentes tipos de textos apropiados á súa idade.	CCL
Escoita e pregunta para asegurar a comprensión.	CCL, CAA, CSC, CSIEE

Iníciase na utilización do dicionario de xeito guiado, tanto o tradicional como en dixital.	CCL, CAA
Utiliza, de xeito guiado, as tecnoloxías da información e a comunicación para buscar información.	CCL, CD, CAA
Presenta os seus traballos con caligrafía lexible, evitando riscos, inclinación de liñas..	CCL, CAA
Utiliza unha sintaxe básica nas producións escritas propias.	CCL
Crea, con axuda, sinxelo textos literarios, a partir de modelos ou pautas (contos, poemas...)	CCL, CAA, CSIEE, CCEC

ÁREA de LINGUA GALEGA E LITERATURA	
Estándar de aprendizaxe (mínimo imprescindible)	Competencia clave
Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e intervindo adecuadamente.	CCL,CAA, CSC, CSIEE
Identifica diversos xéneros literarios: poesía, narrativa e teatro.	CSIEE, CAA
É quen de utilizar o galego como lingua oral e forma de expresión, e de entender textos orais e escritos en galego.	CCL, CSC, CCEC
Respecta as quendas de palabras nos intercambios orais , amosa respecto ás ideas e achegas dos demais e participa no traballo en grupo.	CCL, CSC, CAA
Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación adecuada a cada acto comunicativo.	CCL, CAA, CCEC, CSIEE
Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto.	CCL, CAA, CSIEE
Emprega o dicionario de xeito guiado, tanto o tradicional como en dixital.	CCL, CAA, CSIEE
Fai unha lectura axeitada para a súa idade, sen silabeo (ou ocasional), con entonación e pausas.	CCL, CSC
Elabora un texto sinxelo con coherencia xeral, aplicando con carácter xeral os signos de puntuación.	CCL, CAA, CSIEE
Coida a presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación: marxes , disposición do papel....	CCL, CD, CAA
Utiliza, normalmente, as normas ortográficas básicas....prestando especial atención ás maiúsculas.	CCL, CSC, CCEC
Escoita, memoriza e reproduce textos sinxelos procedentes da literatura popular oral galega (adiviñas, lendas, contos, poemas, cancións,...) e da literatura en xeral.	CCL, CAA, CCEC

Le en voz alta obras e textos en galego da literatura infantil, adaptación de obras breves...e en diferentes soportes.

CCL, CCEC, CD

ÁREA de CIENCIAS DA NATUREZA

Estándar de aprendizaxe (mínimo imprescindible)	Competencia clave
Manifesta certa autonomía na observación, planificación e execución de acción e tarefas , ten iniciativa na toma de decisión e coida a presentación dos traballos.	CAA CMCCT CSIEE
Identifica cambios nas distintas etapas da vida.	CMCCT
Observa e identifica as características básicas dos animais.	CMCCT , CCL, CSIEE
Observa e identifica as características básicas das plantas.	CMCCT , CCL, CSIEE
Diferencia as distintas partes do corpo así como os principais órganos vitais.	CMCCT
Distingue tipos de alimentos e coñece os elementos fundamentais dunha dieta equilibrada.	CMCCT

ÁREA de CIENCIAS SOCIAIS	
Estándar de aprendizaxe (mínimo imprescindible)	Competencia clave
Presenta unha actitude cooperativa ante o traballo en equipo.	CSC , CAA ,CMCCT
Identifica os elementos do sistema solar: estrela, planeta, satélite..	CMCCT , CD
Sinala os movementos principais da terra (rotación e traslación).	CMCCT , CD
Identifica fenómenos atmosféricos e explica a formación das nubes.	CMCCT , CCL
Escribe ordenadamente as fases do ciclo da auga.	CMCCT
Coñece algunhas normas básicas de circulación.	CSC
Aproxímase ao concepto de comarca, provincia, Comunidade Autónoma...	CSC, CEC
Interpreta mapas do tempo sinxelos.	CMCCT, CAA

ÁREA de MATEMÁTICAS	
Estándar de aprendizaxe (mínimo imprescindible)	Competencia clave
Explica de forma oral os procesos seguidos para a resolución de problemas.	CCL CAA
Iníciase na utilización de ferramentas tecnolóxicas, como a calculadora, para realizar cálculos numéricos.	CD ,CMCT ,CAA
É quen de comprender os enunciados dos problemas e utiliza os procesos de razoamento e estratexias de resolución dos mesmos.	CCL , CMCT ,CAA
É quen de ler, escribir, ordear e descompoñer os números ata 9999.	CCL , CMCT
Coñece as táboas de multiplicar e utiliza a multiplicación na resolución de problemas sinxelos contextualizados.	CMCT ,CAA
Realiza a división por unha cifra na resolución de problemas sinxelos contextualizados.	CMCT , CAA
Interpreta gráficos de táboas, extraendo información explícita.	CMCT ,CAA

ÁREA de VALORES SOCIAIS E CÍVICOS	
Estándar de aprendizaxe (mínimo imprescindible)	Competencia clave
Emprega as emocións de forma positiva.	CSC, CCL, CSIEE
É quen de traballar en equipo, asumindo as súas responsabilidades e valorando o seu esforzo dos demais.	CSC, CSIEE, CCL
É quen de tomar as súas propias decisións.	CSC, CAA, CSIEE
Participa na resolución de problemas escolares.	CSIEE, CSC
É quen de expresar as súas opinión, sentimentos e emocións e de respectar e valorar as dos demais.	CCL, CSC, CSIEE
Reflexiona respondendo a preguntas sobre as consecuencias das súas accións.	CSC, CCL, CSIEE
Respecta e acepta as diferenzas individuais.	CSC
Amosa boa disposición a ofrecer e recibir axuda para a aprendizaxe.	CAA, CSIEE, CSC
Respecta as normas do centro escolar.	CSC, CSIEE

ÁREA de EDUCACIÓN ARTÍSTICA (PLÁSTICA)	
Estándar de aprendizaxe (mínimo imprescindible)	Competencia clave
Describe as características dunha obra artística e expresa as súas sensacións.	CCL, CAA
Manexa material diverso nas súas producións plásticas: lapis de cores, témperas, rotuladores....) para a composición de obras.	CCEC, CAA
Debuxa a figura humana (usando por exemplo a cuadrícula) coas proporcións axeitadas.	CCEC

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	Procedementos: Para o seguimento da aprendizaxe a distancia utilizaremos a recollida sistemática do traballo do alumnado (mediante aplicacións telemáticas) e observación posterior para a súa valoración.
	Instrumentos: Escala de estimación e/o listas de cotexo sobre o documentos entregados semanalmente.
Cualificación final	A avaliación e cualificación do alumno adáptase as aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres, así como ás actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, polo que en atención ao criterio de avaliación continúa consignarase a cualificación final coa media das dúas primeiras avaliacións (sen esquecer nunca o carácter continuo da avaliación) podendo ser esa cualificación modificada, sempre en beneficio do alumnado, segundo as condicións e características do traballo desenvolvido desde a suspensión da actividade lectiva presencial nas aulas físicas, e atendendo á adecuación do mesmo, seguimento activo das aprendizaxes e implicación e grao de calidade nas tarefas propostas.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>As actividades que se propoñen semanalmente expóñense na páxina web do centro, en diferentes entradas por nivel e especialidades. Cóllese un documento en pdf e todos se poden consultar aquí: https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcanosarus/</p> <ul style="list-style-type: none"> • A dinámica de traballo de 3º de EP consiste no envío de actividades de repaso, reforzo e cando o consideramos posible, ampliación, e mesmo incluíndo pequenas investigacións. • As actividades acompañanse dalgúns vídeos explicativos, aos que se fai referencia no pdf de tarefas que se colgan no blog de terceiro “Os diminutos máis grandes”. • Procúranse incluír actividades globalizadas. • Tamén utilizamos diferentes enlaces tanto a lecturas online como a outras actividades interactivas.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	<p>Alumnos con conectividade :</p> <p>A maior parte do alumnado de 3º non ten problema coa conectividade e seguimos as seguintes pautas:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Mensaxería a través do abalarMóbil sobre todo, e do correo específico de tarefas do titor e mestres especialistas (aberto para atender ao alumnado nesta situación). A estes correos envíanse as familias aquelas tarefas semanais que se lle solicitaron. Poden enviar fotos ou outras actividades que o alumno faga. Mediante este mesmo correo, envíanse tamén as correccións ás tarefas (nalgún caso un pdf coas solucións) e correccións individualizadas ás actividades solicitadas. Tamén se mantén un seguimento vía telefónica por algunha dificultade en concreto. Algunhas das tarefas son publicadas nos diferentes blogs do cole. • Iniciación a vídeo conferencias coa plataforma webex para fomentar a integración e a socialización do alumnado. <p>Alumnos sen conectividade:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Co alumnado que mostra máis problema coa conectividade, facemos seguimento telefónico para axudar a comprender as tarefas. • Entrega de tarefas fotocopiadas por diferentes vías. <p>Esta metodoloxía que pretende ser o máis integradora posible, pode verse modificada en base ás circunstancias e aos cambios aos que estamos expostos nesta situación, sempre priorizando a atención individualizada ao alumnado.</p>

Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none"> -Material das editoriais coas que traballamos. -Vídeos de happy learning, youtube,etc. -Libros de contos de lectura on line. -Actividades interactivas. -Correos e abalares explicativos -Blogs nos que se colgan creacións, vídeos, fotos ou algunha tarefa: “ Leroteca en Rus”, “Ventevindo”, “ Os diminutos máis grandes”. -Plataforma webex.
-----------------------------	--

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	<p>A información contida neste documento será trasladada ás familias por medio da páxina web do centro e por medio dun aviso en abalarMóvil cando estea dispoñible na web.</p> <p>Para calquera dúbida ou aclaración do documento estaremos dispoñibles por medio de correo electrónico, abalarMóvil e, de ser necesario, vía telefónica.</p>
Publicidade	<p>Publicarase este documento na páxina web do centro.</p>